

## IES CAMPO DE SAN ALBERTO

<b>Materia</b>	<b>LINGUA E LITERATURA</b>	Curso 22-23	<b>2º ESO</b>
	<b>Rita Molinos Castro</b>		
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>			
<u>Sistema de cualificación para a avaliación ordinaria:</u>			
<b>DISTRIBUCIÓN DA MATERIA</b>			
1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación	
UD1	UD4	UD7	
UD2	UD5	UD8	
UD3	UD6	UD9	
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>			
<b>Avaliación inicial</b>			
<p><u>Proba escrita</u>: avalía o punto de partida do alumnado canto aos obxectivos deste curso escolar<sup>1</sup> (OBX1,OBX2,OBX4,OBX5,OBX6,OBX7,OBX9) relacionados con competencias clave.</p> <p><u>Táboa de indicadores</u>: serie de rúbricas coñecidas polo alumnado. Valoraranse unha serie de obxectivos baseados fundamentalmente na oralidade (OBX3, OBX8,OBX9, e OBX10). Estes están directamente vencellados ás competencias<sup>2</sup> (CCL, CP, STEM, CD, CPSAA, CC, CE, CCEC).</p>			
<b>1ª avaliación</b>	<b>2ª avaliación</b>	<b>3ª avaliación</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>● 1ª proba escrita: 35%</li> <li>● 2ª proba escrita: 30%</li> <li>● Proba de lectura: 10%</li> <li>● Proba oral: 10%</li> <li>● Tarefas/participación: 15%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● 1ª proba escrita: 35%</li> <li>● 2ª proba escrita: 30%</li> <li>● Proba de lectura: 10%</li> <li>● Proba oral: 10%</li> <li>● Tarefas/participación: 15%</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● 1ª proba escrita: 35%</li> <li>● 2ª proba escrita: 30%</li> <li>● Proba de lectura: 10%</li> <li>● Proba oral: 10%</li> <li>● Tarefas/participación: 15%</li> </ul>	
<p>A docente resérvase a posibilidade de realizar un só exame cada trimestre en vez de dous se o considera conveniente, pasando a ter un valor dun 65% nese caso.</p>			

<sup>1</sup> Os obxectivos citados recóllense e desenvólvense na Programación Proens de 2º de ESO.

<sup>2</sup> As competencias aparecen especificadas na Programación Proens de 2º de ESO.

**Nestas probas avaliamos:**

- **A Competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe (85%):** avalíase tanto a comprensión oral e escrita como a expresión oral e escrita, mediante as probas escritas, as orais e as probas de lectura mencionadas anteriormente. Tamén se realizarán tarefas escritas e traballos en grupos na aula que serán avaliados mediante rúbricas de traballo, ás que o alumnado terá acceso a través da aula virtual.
- **A Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (2%):** avalíase mediante a capacidade do alumnado de empregar esquemas e estatísticas para comprender gráficos que axuden a comprender a situación da lingua galega e a evolución desta.
- **A competencia dixital (5%):** avalíase a competencia dixital do alumnado e a súa capacidade para manexar as TIC, buscar e transformar información a través das novas fontes de información e manexar a aula virtual como recurso académico.
- **A Competencia persoal, social e de aprender a aprender, e a competencia emprendedora (10%):** avalíase o esforzo, organización e autonomía do alumnado no traballo diario, así como a responsabilidade na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e no respecto e harmonía coas compañeiras e compañeiros e coa docente ou o docente. así mesmo, atenderase e valorarase a capacidade de aprender a aprender do estudiantado.
- **A competencia cidadá e a competencia en conciencia e expresión culturais:** avalíase e valórase o respecto amosado pola rapazada polas distintas manifestacións culturais e da súa creatividade.

**A non entrega das tarefas** avaliáveis dixitais ou presenciais, **na forma e tempo establecido**, levará implícita a necesidade de recuperación das ditas tarefas avaliáveis polo método que se determine en cada caso: probas escritas, orais, telemáticas, traballo individual.....

As **faltas de ortografía** serán descontadas da cualificación de cada exercicio ata un máximo de 2 puntos de acordo co seguinte baremo:

- Moi graves: 0'1 puntos cada unha. Tempos compostos, incorrecta colocación dos clíticos, mal uso de maiúsculas e minúsculas, e mal uso do til diacrítico.
- Graves: Desconto 0,05 puntos cada unha. Castelanismos ou outros estranxeirismos), erros en grafías b/ v, h, s/x, acentuación non diacrítica, contraccións.

No caso de que se descubra a un alumno ou alumna **copiando** nalgunha proba ou traballo en que non estea expresamente permitido, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exame, segundo corresponda.

#### **Recuperacións:**

Despois da primeira e da segunda avaliación propoñeráselle ao alumnado algún traballo de recuperación (exame, traballo, lecturas...), sempre referido ao 80 (ou parte correspondente) da competencia en comunicación lingüística. A esa nota sumarase a nota acadada nas outras competencias avaliadas. Despois da terceira avaliación traballarán para superar a materia ou subir nota na Avaliación Ordinaria.

#### **Cualificación da Avaliación ordinaria da materia:**

- O alumnado aprobará curso cando a media ARITMÉTICA REAL (non a que figura no XADE) das tres avaliacións sexa 4,5 ou superior (independentemente das avaliacións aprobadas ou suspensas), redondeándose sempre á décima seguinte.
- O alumnado que non chegue a 4,5 terá que presentarse a un exame global final de toda a materia, independentemente de que teña aprobada algunha avaliación.

- O alumnado aprobado poderá presentarse á mesma proba global para subir a súa nota media se así o desexa, pasando a valorarse só a nota do exame. Porén, debe ser consciente, que neste caso a súa puntuación basearase no exame global, e, polo tanto, así como poden subir a nota global do curso, tamén a poderían baixar, ou incluso suspender a materia, en caso de non acadar os resultados requiridos na proba ordinaria.

**Unha vez que a avaliación das competencias é POSITIVA o alumnado poderá subir a súa nota media a través dos seguintes mecanismos:**

- Tarefas de comprensión sobre **libros de lectura voluntarios** elixidos entre unha selección dada pola profesora: ata 0.5 puntos.
- Integrantes dalgún dos **clubs de lectura do centro**: ata 0,5 puntos.
- Participantes dalgún dos programas que forman parte activa das diferentes **coordinacións existentes no centro** e que integran **COMPAÁS**: ata 0.5 puntos.
- Integrantes do **Equipo de Dinamización Lingüística** do centro, e participantes activos nas actividades promovidas por esta entidade: ata 0,5 puntos.